

Expediente núm.: 3125/2022 / Secretaría Xeral.02

Sr. Presidente da Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao
Peirao de Curuxeiras
15401- Ferrol, A Coruña

Ribadeo, data sinatura electrónica.

Estimado Sr.Director:

Tras dos últimos contactos entre persoal dese Organismo e deste Concello co fin de resolver a problemática orixinada polo concesionario EIROBRA A MARIÑA S.L. en relación co acceso á Illa Pancha, compre sinalar:

A sentenza de apelación num. 4136/2021 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia recaída no procedemento Ordinario 407/2019/A, **firmas ao día desta data (s.e.u.o.)** dispuxo en relación co recurso plantexado por EIROBRA A MARIÑA S.L. sobre a apertura da porta de acceso a través da Ponte á Illa Pancha, que “ (.../...) **la aplicación de la jurisprudencia precedente al caso examinado no permite constatar que se incurra con la resolución recurrida en dicha vulneración, además de que realmente el fin que se pretende es permitir el acceso público a la isla, que ha de considerarse conforme a Derecho; por lo que el recurso de apelación ha de ser desestimado.**” (.../...)

Os informes de control realizados pola Policía Local no día de onte (11/08/2022), **constatan a nula vontade do concesionario EIROBRA A MARIÑA S.L. de cumprir coa Sentenza referida e mais as instrucións recibidas desa Autoridade Portuaria que foron acordadas con este Concello días atrás.**

Así pois á vista dos acontecementos e co fin de non incorrer en pasividade administrativa, por parte das autoridades competentes (Autoridade Portuaria e Concello) cada unha dentro da súa parcela administrativa de responsabilidade, **que poidan chegar a supór unha prevaricación por acción ou omisión penada no código penal español** é polo que insto a ese Organismo a que dunha vez por todas adopte as medidas procedentes para garantir, sen traba nin indicación algunha, o libre tránsito e acceso á Illa Pancha de Ribadeo, nos termos debidos.

- Achégolle copia dos últimos informes da P.L. de referencia.



O que lle comunico para coñecemento e efectos procedentes; **reservándose esta Alcaldía o dereito, para o caso de continuar o concesionario na actitude indicada, de dar conta á Fiscalía por desobediencia á autoridade.**

Atentamente,

**Asdo./FERNANDO SUAREZ BARCIA
ALCALDE,**

(documento asinado electronicamente á marxe)

